

## CONSELLO DE GOBERNO SESIÓN ORDINARIA

Por orde da reitora, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

**LUGAR:** Presencial na Sala Manolo Ramos (3º andar - Edificio Ernestina Otero do Campus de Marcosende-Vigo).

Advírtese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

**DÍA E HORA:** xoves, 23 de xullo de 2026, ás 10:45 h., en primeira convocatoria, e á 11:15 h., en segunda.

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta do Consello de Goberno extraordinario do 01 de xullo de 2026.
2. Informe da reitora.
3. Aprobación, se procede, da solicitude para o curso 2026/2027, de tres prazas de Asociado de Ciencias da Saúde.
4. Aprobación, se procede, do Regulamento de simultaneidade de estudos oficiais na Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, mestrado e doutoramento para o curso académico 2028/2029.
6. Integración do expediente de aprobación do convenio de adscrición do Centro Universitario Euses Vigo á Universidade de Vigo mediante a incorporación do informe da Asesoría Xurídica.
7. Aprobación, se procede, da remisión á Xunta de Galicia do expediente do Centro Universitario Euses Vigo como centro adscrito á Universidade de Vigo
8. Elección, se procede, dos membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado; Planificación e Asuntos Económicos; Investigación e Transferencia; e Extensión Universitaria e Estudantes<sup>(1)</sup>.
9. Elección, se procede, dos membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado<sup>(1)</sup>.
10. Quenda de intervencións.

A secretario xeral

<sup>(1)</sup> As persoas interesadas poderán presentar as súas candidaturas, dirixidas á Secretaría Xeral da Universidade, segundo o modelo correspondente a cada elección que se achega coa presente convocatoria, preferiblemente por medio da instancia xenérica na Sede Electrónica da Universidade de Vigo, ou ben presencialmente nas Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus de Vigo, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra, **ata as 14:00 horas do martes, 21 de xullo de 2026.**